



**O CONCELLO DE NIGRÁN INICIA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE
ACONDICIONAMENTO DA RÚA REVERENDO PÉREZ ALONSO**

**As empresas teñen un prazo de 26 días para presentar as súas ofertas
dende a publicación no BOP do 17 de marzo do prego de condicións**

**As actuacións suporán un investimento de máis de 141.000 euros e
permitirán urbanizar un vial que une o centro do municipio co Ceán**

Nigrán, 28/03/2016.- O Concello de Nigrán destinará 141.013,18 euros (ive non incluído) dos fondos do Plan Concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra á reparación das marxes, reposición do firme e implantación de novas medidas de seguridade vial na rúa Reverendo José María Pérez Alonso. Esta estrada constitúe unha das principais arterias vertebradoras da localidade, xa que une o centro de Nigrán co barrio do Ceán, onde se atopa a Biblioteca municipal, e coa Igrexa de San Fiz.

O goberno de Nigrán cumpre así coa súa vontade de crear viarios accesibles e para uso público. "Coa reparación das beirarrúas e o pavimento desta estrada conseguiremos suprimir barreiras físicas e favoreceremos a convivencia veciñal convertindo unha rúa en mal estado nun espazo para o desfrute dos cidadáns", declara o alcalde de Nigrán, Juan González.

O prazo de execución das obras, aprobadas polo goberno municipal o pasado 7 de marzo, é de tres meses, no que se levantarán as actuais marxes, en mal estado, substituíndoas por novos espazos de convivencia transitables. Así mesmo, revisaranse, repararanse e reemprazaranse, segundo sexa necesario, conducións de pluviais e saneamento, ademais de repoñer máis dun kilómetro de firme da rúa no centro de Nigrán, no que se incorporarán as citadas medidas de seguridade vial.



As empresas que desexen presentar as súas ofertas teñen 26 días naturais dende a publicación no BOP de Pontevedra (BOPPO núm. 53 do 17 de marzo). Deberán facelo no rexistro do Concello de Nigrán ou ben por correo ordinario xustificando a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día.

“Con esta intervención, Nigrán rematará o 2016 cun novo vial accesible e en perfectas condicións no centro do municipio. Sabemos que aínda queda moito por facer pero seguiremos intentando facer deste concello un lugar de convivencia no que se dea prioridade aos peóns e converter os seus viais en zonas seguras, tanto para as persoas como para os vehículos”, conclúe o rexedor.